

Os grupos escolares promovidos pola sociedade de instrución

Vivero y su comarca: análise do tipo

Diana M.^a Rodríguez Rodríguez
A Marcos e a Fiz

Resumo: este artigo ten por obxecto o estudo da tipoloxía dos grupos escolares promovidos dende Cuba pola *Sociedad de Instrucción Vivero y su Comarca*¹. Preténdese que o traballo sirva para o recoñecemento e valoración dunha arquitectura que, a expensas do colectivo emigrante, se consolida durante as primeiras décadas do século XX no contorno rural da Mariña Lucense.

Resumen: Este artículo tiene por objeto el estudio de la tipología de los grupos escolares promovidos desde Cuba por la *Sociedad de Instrucción Vivero y su Comarca*². Se pretende que el trabajo sirva para el reconocimiento y la valoración de una arquitectura que, a expensas del colectivo emigrante, se consolida durante las primeras décadas del siglo XX en el entorno rural de la Mariña Lucense.

Abstrac: The goal of this article is studying the typology of the schools sponsored from Cuba by the *Sociedad de Instrucción Vivero y su Comarca*³. The aim is giving this architecture the assessment consolidated during the first decades of the 20th century in the rural environment of the Mariña Lucense at the expense of the emigrant groups.

Dentro do extenso elenco de entidades instrutivas que floreceron a principios do século XX na República Cubana, ocupa un lugar destacado *Vivero y su Comarca*, sendo a asociación galega que logra establecer un maior número de escolas no seu ámbito de actuación.

¹ Así aparece subtitulada a sociedade no seu Regulamento do ano 1912, pasando máis tarde a subtitularse *Sociedad de Instrucción y Beneficencia*, segundo consta no seu Regulamento de 1922.

² Así aparece subtitulada a sociedade en su Reglamento del año 1912, pasando máis tarde a subtitularse *Sociedad de Instrucción y Beneficencia*, según consta en su Reglamento de 1922.

³ In its Regulations from 1912, thus appears subtitled the Society; only later it was subtitled as *Sociedad de Instrucción y Beneficencia*, as per its Regulations from 1922.



Grupo Escolar Vivero y su Comarca, fotografía exposta hoxe en día na sede social da Habana

Aínda que esta sociedade estaba integrada polos emigrantes naturais de Viveiro, Riobarba⁴, Oourol, Muras, Xove e Cervo, esta investigación encádrase tan só nos tres primeiros municipios citados, por ser estes os únicos nos que se atopa a tipoloxía obxecto de análise.

A liña cronolóxica do estudo abrangue o primeiro cuarto do século XX, sendo este o período no que aparece o modelo orixinal dos grupos escolares promovidos por *Vivero y su Comarca*, cuxos planos xorden en Madrid en 1908 e se materializan durante as dúas décadas seguintes en diferentes parroquias da bisbarra de Viveiro.

Nas páxinas que seguen dáse conta da singularidade destas pezas arquitectónicas de liñas puras e linguaxe funcional. Para abordar o tema emprégase unha metodoloxía que non se limita a centrarse na entidade material do edificio, senón que intenta darlle cabida a cuestións derivadas do seu propio tempo e contexto. Desde xeito, aspectos como os presupostos económicos, as innovacións pedagóxicas, as teorías hixienistas ou os textos legais, serán os encargados de ir definindo a tipoloxía dos *Grupos Escolares Vivero y su Comarca*.

Premisas

Para afrontar a súa obra educativa, a sociedade *Vivero y su Comarca* vai considerar a priori unha serie de aspectos que condicionarán de maneira significativa a morfoloxía dos seus edificios.

1. Edificacións de baixo custo

O obxectivo principal que *Vivero y su Comarca* se propón é construír un edificio escolar en cada unha das súas cincuenta e unha parroquias, polo tanto, para alcanzar esta ambiciosa meta, debería obter o máximo beneficio co menor investimento posible. Luis Bello describe o investimento da sociedade do seguinte modo: ” (...) ha llegado a invertir en construcción, menaje y reparación de escuelas unas 550.000 pesetas. Mucho dice acerca

⁴ Actualmente a capitalidade deste municipio atópase en O Vicedo

de la construcción de escuelas el hecho de que con esa cantidad, bien administrada, se ha realizado tanta obra. Con la diferencia natural y el mayor coste de los edificios últimamente construidos –sobre todo hacia 1921–, el precio por escuela es módico.”⁵

2. Proxectos tipo

Para evitar gastos, prescínlese das obras de autor e óptase por levar a cabo intervencións funcionais, baseadas na adaptación de tipos. Os planos dos grupos escolares de *Vivero y su Comarca*, baséanse nun modelo extraído da colección que asina o arquitecto do Negociado de Arquitectura Escolar, Luis Domingo de Rute (1908).

Os proxectos son enviados dende Madrid como así o fai saber Vicente Otero Cao: “(...) Muy en breve empezarán la construcción de seis planteles de enseñanza en otras tantas parroquias que fueron agraciadas en el sorteo verificado, como ya se dijo en su oportunidad. Como ya sabeis de Madrid se han recibido los planos para su construcción (...).⁶ Os mestres de obra son os encargados da interpretación dos planos, aparecendo tan só en casos excepcionais a figura dun técnico funcionario, remitíndoselle as consultas derivadas dos proxectos ao arquitecto provincial.

3. Materiais e sistemas de construción tradicionais

Os materiais que se empregan para levar a cabo os grupos escolares, ao contrario do que se podería pensar, dado que estes proxectan certo aspecto formal “moderno”, é importante destacar que son tomados do costume popular (pedra, cal, madeira, pizarra,...). Habería que esperar aínda unhas décadas para que o formigón armado se empezase a utilizar de xeito xeneralizado na Mariña Lucense, ademais débese ter presente que os propios veciños eran moitas veces os que facilitaban os materiais para as obras e, evidentemente, certos materiais como o formigón non estaban ao seu alcance. Tampouco as técnicas construtivas poderán ser demasiado novidosas, pois a man de obra era tamén proporcionada pola veciñanza, á fronte da cal se situaba a figura dun mestre de obras familiarizado cun sistema de execución tradicional.

4. Adecuación á lexislación estatal

Nos propios regulamentos internos da sociedade *Vivero y su Comarca*, nos que sempre vai aparecer un capítulo dedicado exclusivamente á construción de edificios escolares, reflíctese a obrigatoriedade de adaptar a arquitectura escolar á normativa legal vixente.

⁵ BELLO TROMPETA, L., “Visita de escuelas. *Vivero y su Comarca* o Viveiro con los americanos”, en *Vivero en Cuba*, n.º 52, A Habana, outubro de 1930, s.p

⁶ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912, p.25

Neste senso, o marco lexislativo para ter en conta defínese polo Real decreto de 28 de abril de 1905⁷ que, asinado por C. M. Cortezo, eleva o presuposto destinado a subvencionar os concellos ata un millón de pesetas e dispón de medio máis para proceder á construción de escolas en poboacións inferiores a 500 habitantes.

Anexa a este Real Decreto e elaborada polo Negociado de Arquitectura Escolar, aparece a Instrución Técnico Hixiénica á que deberá axustarse a construción dos novos edificios escolares. Estas instrucións, vixentes con lixeiras modificacións ata a etapa republicana do Estado español, intentan encontrar as mellores condicións de salubridade para a escola mostrando unha gran preocupación polos aspectos hixiénico sanitarios.⁸

5. Concepción moderna da arquitectura escolar.

As construcións de *Vivero y su Comarca* enxergan un coñecemento, polo menos aproximado, dos modernos postulados sobre arquitectura escolar, que sen dúbida conta co asesoramento de persoas e institucións especializadas no tema.⁹ Non se debe esquecer que a asociación nace a raíz dunha visita a Cuba do institucionista Rafael Altamira, así como tamén se debe ter constancia do apoio que esta recibe do político Soto Reguera, encargado de canalizar as vías de acceso aos altos cargos estatais. Así mesmo, localízase unha interesante colección de correspondencia mantida entre o Concello de Ourense e o inspector xefe de Primeira Ensinanza, Luis Soto Menor¹⁰, un reformador da educación e activo partícipe da Semana Pedagóxica de Lugo celebrada no ano 1933.

A preocupación polas teorías hixienistas fixo que se detiveran en aspectos como o volume das aulas e a medida das ventás, calculadas para optimizar a oxixenación e as horas de sol. Espazo reservado tiveron os servizos hixiénico-sanitarios con urinarios, retretes e lavabos, aparecendo mesmo unha bañeira no caso da escola de Magazos, algo insólito no medio rural. Benito Castrillo apunta sobre este aspecto: "(...) en este último están los servicios higiénicos, independientes en cada escuela: en las de Magazos, cada una tiene dos inodoros, dos urinarios con agua corriente y su baño de hierro galvanizado, lavabo, espejos, fuente con surtidor vertical para evitar infecciones, toalleros de níquel,... (...)." ¹¹ A hixiene, contemplada pola normativa legal sobre arquitectura esco-

⁷ Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, Subvencións para a construción de edificios escolares. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Madrid, 1905.

⁸ LAHOZ ABAD, P., "Higiene y Arquitectura Escolar en la España Contemporánea (1838-1936)", en *Revista de la Educación*, n.º 298, Ministerio de Educación, 1992, pp. 112-113.

⁹ Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, Circular da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza, Madrid, 14 de xuño de 1911. Nela facilitanse algunhas normas acerca das construcións escolares e faise referencia a dous centros onde pode acudirse para a obtención de planos modelos, informes e consellos relacionados co edificio escolar: o Negociado de Construcións Cívicas e o Museo Pedagóxico Nacional.

¹⁰ Arquivo Municipal de Ourense. *Correspondencia*

¹¹ CASTRILLO SAGREDO, B. (1929) "La sociedad de instrucción y beneficencia *Vivero y su Comarca*, da Habana", en *ABC*, Madrid, 8 de setembro, pp. 13-14.

lar e reforzada polos regulamentos de Sanidade,¹² convértese nun factor fundamental para a sociedade *Vivero y su Comarca*.

Pernas Peón proporciona unha longa lista das características que el entende que debe reunir un plantel escolar, aseverando: "(...) El local escuela, si ha de estar en consonancia con la trascendental finalidad que la educación de la niñez persigue, debe reunir ciertas condiciones higiénicas y pedagógicas, que han de tenerse muy en cuenta para que la meritoria obra que dicha sociedad está realizando alcance todo el realce y esplendor que merece, ahora y en todos los tiempos."¹³

Elección do Tipo

A escolla dun tipo ou modelo convinte é un factor fundamental que, á hora de construír un edificio escolar, sempre tivo presenza no discurso de arquitectos, docentes, pedagogos e mesmo, neste caso, dos promotores.

Os filántropos da época recibiran duras críticas respecto aos seus desmesurados proxectos escolares, chegando incluso a formular Rafael Altamira, a posibilidade de crear escolas modelo de emigrantes, pois el entendía que a boa intención dos indianos non ía sempre suficientemente acompañada dun exacto coñecemento das condicións pedagóxicas¹⁴. Pola súa banda, Luis Bello, emite un xuízo de valor moi significativo respecto á escola da Abelleira (Galdo, Viveiro): "(...) Costó la escuela, con vivienda, 112.500 pesetas. Van sesenta alumnos, entre niños y niñas (...) La escolita mixta más rica y más absurda que ha creado en Galicia el espíritu de los americanos."¹⁵

A sociedade *Vivero y su Comarca*, admitindo o peso da elección do tipo, vaise preocupar de estudar os modelos oficiais e así poder elixir o máis óptimo para edificar os seus planteis educativos. A tipoloxía inicial da sociedade tratará de adaptarse, como xa se indicou, a unha das propostas avaladas polo Ministerio de Instrución Pública e deseñadas dende o Negociado de Arquitectura Escolar por Luis Domingo de Rute¹⁶.

A partir da ratificación do Real decreto do 28 de abril de 1905 impúlsase a creación dun edificio escolar digno para a súa función, sendo necesario atermos á normativa sobre construcións escolares, de acordo coas Instrucións Técnico Hixiénicas. A este marco legal responderá a colección de planos tipo asinados polo arquitecto Luis Domingo de Rute. Os modelos oficiais publicanse, por vez primeira, en 1907 na

¹² Regulamento de Sanidade de Ourense (1926), dedícalle o seu artigo 52 ás escolas, onde prescribe que en todas as escolas do termo municipal sexa obrigatoria a ensinanza da hixiene. Arquivo Municipal de Ourense.

¹³ PERNAS PEÓN, J. A.: "Los edificios escolares", en *Pro Galicia*, n.º 3, A Habana, s.d., p. 14

¹⁴ ALTAMIRA Y CREVEA, R., *Mi viaje a América*. Ed. Universidade de Oviedo, 2007 (1911), p. 307

¹⁵ BELLO TROMPETA, L., *Viaje por las escuelas de Galicia*, Akal Editor, Madrid, 1973, p.199

¹⁶ Luis Domingo de Rute formouse nas Escolas de Arquitectura de Madrid e Barcelona, obtendo o título de arquitecto en 5 de decembro de 1889. Foi arquitecto encargado da Sección de Arquitectura Escolar, dependente da Área de Construcións Cívicas do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Faleceu o 18 de maio de 1909.

revista especializada en arquitectura *La Construcción Moderna*¹⁷, sendo editados ao ano seguinte pola imprenta da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Cartografía e Artes Gráficas.¹⁸

Para comprender estes modelos proxectados dende o Negociado de Arquitectura Escolar, resulta imprescindible valorar as Instrucións Técnico Hixiénicas¹⁹ (1905) que lle serviron de norma. Estas, influídas polas correntes hixienistas europeas, van determinar un modelo arquitectónico formal e de carácter uniformista, proporcionándolle ao edificio escolar unha identidade propia. As instrucións engloban as prescricións necesarias para a redacción de calquera proxecto escolar e divídense en dez epígrafes considerando os seguintes aspectos: localización, orientación, extensión dos espazos edificadas e espazos libres, técnicas construtivas e materiais utilizados, número de espazos e a súa distribución, características das aulas, sistemas de ventilación, iluminación e calefacción e, por último, mobiliario escolar.

A colección presentada por Luis Domingo de Rute consta de doce modelos destinados a catro categorías de escolas: párvulos (*Tipos 1, 2 e 6*), unitarias (*Tipos 3, 4, 5, 6, 7 e 10*) e graduadas (*Tipos 8, 9, 11, e 12*). É necesario puntualizar que os grupos escolares (*Tipos 6, 7 e 10*) se formulan como unha categoría intermedia entre as escolas unitarias propias do ámbito rural e as escolas graduadas propias do ámbito urbano, pero non son senón a unión de dúas escolas unitarias, unha para nenos e outra para nenas, con capacidade cada unha delas para 60 alumnos. O grupo escolar *Tipo 6* chega mesmo a formular a posibilidade de unir dúas escolas unitarias e unha de párvulos. As plantas destes edificios responden a unha sinxela organización que toma como base o rectángulo e orixina unhas tipoloxías de formulación funcionalista, onde se estudan as circulacións e os usos, tendo en conta as modernas correntes pedagóxicas. O desenvolvemento do programa, nunha única planta, define uns alzados de aspecto exterior sobrio, pero o tratamento dos paramentos non renuncia aos fins decorativos acordos aínda co estilo ecléctico. O prezo dos distintos modelos foi presupostado de xeito xenérico, sendo a escola máis barata o *Tipo 3* (15.400 pesetas) e a máis cara o *Tipo 12* (68.888 pesetas).²⁰

¹⁷ FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ- NAVAMUEL, M., "Condiciones Generales de los centros escolares y edificios destinados a Escuelas", *La Construcción Moderna*, n.º 23, T. V, 15-12 1907, pp. 381-387. Aquí aparecen: plantas, alzados e seccións dos *Tipos 3 e 4*, alzado e sección do *Tipo 2*, planta do *Tipo 6*.


FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ- NAVAMUEL, M., "Condiciones Generales de los centros escolares y edificios destinados a Escuelas", *La Construcción Moderna*, n.º 24, T. V, 30-12-1907, pp. 397-406. Aquí aparecen: plantas dos *Tipos 2 e 9*, alzado e sección dos *Tipos 6 y 7*.

FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ- NAVAMUEL, M., "Condiciones Generales de los centros escolares y edificios destinados a Escuelas", *La Construcción Moderna*, n.º 1, T. VI, 15-01 1908, pp. 4-10. Aquí aparecen os planos do *Tipo 8*.

¹⁸ *Colección de planos para la construcción de edificios escolares*. Xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Cartografía e Artes Gráficas, Madrid, 1908.

¹⁹ Publicadas en Cuba posteriormente: *Instrucción Técnico-Higiénica. Relativo a la construcción de Escuelas*. Biblioteca Labor Gallega. A Habana, 1915

²⁰ ORTUETA HILBERATH, E. de, "Los modelos de escuelas destinados a los centros de educación primaria pública avalados por el Negociado de Arquitectura Escolar del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes", en *Norba - Arte*, n.º 17, Universidade de Estremadura, 1997, pp. 165-192. Neste artigo faise unha análise pormenorizada de todos estes modelos.



O *Tipo 7* orixinal de Luis Domingo de Rute

Os modelos repetibles deseñados por Rute van supoñer un avance importante con respecto aos que apareceran anteriormente²¹, pois ademais de axustarse ás mencionadas Instrucións Técnico Hixiénicas, conteñen unha serie de detalladas referencias (escalares, organizativas, presupuestarias,...), que van permitir que sexan doadamente transformables ás particularidades de cada proxecto, ao mesmo tempo que van ir consolidando o programa que se ía definindo para a escola moderna. En definitiva, estímase que estas propostas achegan un elemento clave para a formalización do novo edificio escolar: a consideración deste como sistema no que as partes quedan supeditadas a un todo e non como mera agregación de aulas.

A sociedade *Vivero y su Comarca* era consciente de que estes prototipos expresaban a forma que o Estado quería naquel momento para as escolas públicas. Sabían tamén que se elixían un destes modelos resultaría máis doado optar a calquera tipo de subvención para a súa construción, así como tamén se farían máis sinxelos os trámites necesarios para xestionar a doazón das súas escolas ao ámbito estatal.

Así pois, tras avaliar os distintos modelos incluídos no catálogo de Luis Domingo de Rute, seleccionan o *Tipo 7* para darlles forma aos seus primeiros edificios. Unha mostra do grao de ambición do labor desta sociedade é o feito de que se tivese decantado por un grupo escolar de tipo intermedio e non o fixera por un tipo de escola unitaria propia de zonas rurais (*Tipos 3, 4 e 5*). De feito, non tardarán en decatarse de que a pretensión é demasiado elevada e seleccionan o *Tipo 3* en detrimento do *7*, admitindo que os grupos escolares construídos, a excepción dos de Magazos e Merille, tivesen funcionado mellor de ter sido formulados como simples escolas unitarias.²²

Malia que non sexa de todo idóneo, o certo é que será o *Tipo 7* o que máis se aproxime ás súas aspiracións iniciais. Por este motivo, e así é como se reflicte nas actas

²¹ O primeiro intento de levar a cabo en España un programa nacional de estandarización das construcións escolares, ten lugar no ámbito do ensino primario e materialízase no Decreto lei de 18 de xaneiro de 1869, que define as dependencias necesarias na escola, así como o volume da aula, que queda definido polo número de alumnos por aula, que non podía exceder de 120. Francisco Jareño e Alarcón é o encargado de asinar os primeiros planos tipo para o Ministerio e a súa proposta vai ser a base de interesantes solucións posteriores, como as do arquitecto Enrique María Repullés e Vargas, autor dos proxectos de maior repercusión do final do século XIX.

²² TALADRID CATÁ, J., *Verdades como puños y consideraciones. Mis servicios al distrito de Vivero*. Litografía e Imprenta Roel, (2.ª Ed.), A Coruña, 1935, pp.87-88.

da xunta directiva n.º 10 de 27 outubro de 1911²³, decídese “nombrar una comisión que estudie las reformas que procedan para adaptar las construcciones escolares de *Vivero y su Comarca*, al modelo n.º 7 del catálogo de las del Gobierno Español.”


Adaptación do Tipo

Cando a sociedade *Vivero y su Comarca* comeza a súa carreira de edificación escolar, o usual era que se ocupase do proxecto o arquitecto municipal e en caso de que non existise un facultativo deste tipo no Concello, como é o caso, ocupábase deste asunto o arquitecto provincial. Estes foron, en moitas ocasións, os encargados de adaptar as distintas escolas modelo en función dos seus propios gustos e dos intereses dos promotores. Non obstante, as construcións de *Vivero y su Comarca*, ao ser estudadas por unha comisión nomeada para tal efecto, xa chegan a España definidas nos seus aspectos básicos, contando cos servizos técnicos do arquitecto provincial en ocasións puntuais, case sempre referentes a asuntos de supervisión. Sirva de exemplo o acordo tomado por parte da xunta directiva da sociedade, que reunida en sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 1933, decide que se lle encarguen ao arquitecto Ramiro Saiz, por estar adscrito ao Departamento de Instrucción Pública, os traballos de reparación dos edificios escolares de Bravos, San Pantaleón e Magazos.²⁴

Tras someter a estudo as propostas de adaptación do tipo orixinal, *Vivero y su Comarca* opta por unha intervención sinxela. Realízase un proceso de depuración do plano no que, sen renunciar ao aspecto funcional, se consegue un prototipo sobre a base dunha execución simple e a uns presupostos moi axustados. Non se debe esquecer que os custos debían de ser o máis baixos posibles para que, así, a sociedade puidese asumir a construción de todos os edificios que pretendía²⁵. Do mesmo xeito, débese ter presente que o persoal que vai estar ao fronte das obras posúe unha cualificación limitada, por iso habería que substituír os proxectos demasiado complicados por outros máis sinxelos, que utilizaran materiais e sistemas construtivos de certa familiaridade para os artífices do pé de obra.

Xorde así unha especie de pavillón en planta baixa, que se libera dos motivos ornamentais do Eclecticismo, para dar lugar a unha peza funcional e núa de ornamento.

O primeiro paso á hora de resolver a planta será a eliminación da sala central, destinada a biblioteca e museo, así como dos dous corpos transversais que pechaban os laterais do edificio orixinal de Rute. Deste xeito, o seu esquema en forma de “dobre U” convértese noutro que adquire forma de “T”. Consérvase o eixe central de simetría, que neste caso vén dado polo muro de carga que separa a escola dos nenos da das nenas, de maneira que aparecería unha planta en “L” de idénticas características, para cada sexo.



Planta e alzados do Grupo Escolar *Vivero y su Comarca*

²³ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912, p.26

²⁴ *Vivero en Cuba*, n.º 58, A Habana, xullo de 1933

²⁵ O presuposto medio do custo do *Tipo 7*, previsto polo Estado, sería dunhas 34.000 pesetas

A este respecto, segundo consta na moción de 1916, presentada á Corporación Municipal de Viveiro polo delegado da sociedade, Justo Taladrid, emítese: “(...) Hemos comenzado siete grupos escolares de este tipo, reduciendo su costo, suprimiendo el local del centro destinado a Biblioteca y Museo, y limitándonos a hacer lo que explica el adjunto plano, sin perjuicio de completarlas con las dos galerías laterales al ser posible, (...)”²⁶

O acceso á escola, situado nos extremos da fachada, realízase a través dunha zona de paso ou vestíbulo, en cuxa prolongación se practican dúas portas, unha no muro que o separa da aula, para acceder a esta e outra na fachada traseira, que serve de comunicación co patio cuberto.

En cada unha das aulas, de planta rectangular e coa mesma orientación, résganse tres grandes ventás á fachada principal e dúas de menor tamaño cara ao patio cuberto, cumprindo así as recomendacións de iluminación bilateral. A xeito de curiosidade e segundo consta nun documento asinado por Tomás Ramos Riguera, delegado da sociedade *Vivero y su Comarca*, sábese que cada grupo escolar posuía douscentos vinte e catro vidros.²⁷

Os paramentos interiores responden tamén á normativa presentándose totalmente lisos, con esquinas redondeadas e zócolos de madeira.

O deseño espacial está meticulosamente estudado, tendo en conta aspectos como a segregación de sexos ou o panoptismo do sital do mestre ou mestra, debendo estes ter dende a súa situación un control visual de todo o conxunto. Neste sentido, sublíñanse os espazos máis conflictivos: o patio cuberto, o vestíbulo e, sobre todo, a zona dos servizos hixiénicos, tan perigosos para a saúde física e moral da sociedade da época. Ambas as dúas salas de clase presentan dúas portas, unha á que xa fixemos referencia, para acceder dende o vestíbulo e outra que comunica coa zona dos servizos hixiénicos. Esta última, aparece precedida por un pequeno local polivalente²⁸, a través do cal se ten acceso ao exterior mediante unha porta que comunica co patio cuberto. O volume ocupado por estes espazos (local polivalente e servizos hixiénicos) correspóndese co tramo que sobresaen en planta respecto ao eixo central da peza principal, de tal maneira que de novo se estarán a seguir os preceptos lexislativos que aconsellan afastar da aula os retretes, urinarios e lavabos.

O eixe lonxitudinal do edificio prioriza o van sobre o lenzo mural, á inversa do que acontece no seu transversal. O muro central que marca a división entre nenos e nenas e os muros piñóns, permanecen cegos.

²⁶ Arquivo Municipal de Viveiro, Moción presentada á Corporación Municipal pola Delegación de la Sociedad Vivero y su Comarca. Viveiro, maio de 1916.

²⁷ Carta de Tomás Ramos Riguera con data de 29 de xullo de 1960. Expedientes de Educación. Arquivo Municipal de Oroul.

²⁸ É probable, que este local viñera suplir a función da sala central do proxecto orixinal, na que se dispoñía a biblioteca e o museo.

A fachada principal resólvese resaltando a horizontalidade e tendo en conta os parámetros de simetría anteriormente mencionados. Seis amplos ventanais centran a composición, enmarcados polas dúas portas de acceso que se sitúan nos extremos.

A fachada posterior responde ao mesmo esquema que a principal, non obstante as dúas ventás centrais practícanse no muro testeiro do volume central, quedando deste xeito nun plano diferente ao resto dos ocos. A cuberta de cada un dos patios ademais de apoiarse nos correspondentes muros transversais, descansa sobre dous piares centrais de madeira. É importante reparar na presenza do campo escolar ou patio descuberto subscrito na normativa, ao que se lle reserva un espazo situado en continuidade co cuberto.

Exteriormente o tratamento que reciben os paramentos redúcese ao seu recebo e posterior pintado. As superficies totalmente lisas do edificio, rómpense tan só na fachada principal, onde se realiza un pequeno aceno ao elemento ornamental, que moi sutilmente vén dado pola cornixa moldurada, os recercados dos ocos e a inscrición que reza *Vivero y su Comarca* xunto ao ano de fundación.

A formulación construtiva segue, en xeral, as instrucións legais, así por exemplo, estes presentaríanse elevados sobre o terreo, cubertos de lousa a dobre vertente e con sistemas de ventilación que se reforzan, nalgunhas ocasións, practicando un pequeno van na parte superior dun dos hastiais do edificio.

Resulta destacable o feito de que nestas adaptacións de planos non se perda de vista o respecto cara á normativa Técnico Hixiénica, como tampouco se perderá a concepción do edificio como un sistema de células supeditadas a unha orde unitaria. De aí que o deseño e medida dos espazos comúns, os que son transversais á individualidade da aula, se converta nunha das decisións máis significativas no proxecto. Existe ademais un estudo rigoroso dos usos e as circulacións. Se a todo isto unimos a supresión de todo elemento decorativo, teremos como resultado unha peza funcional e moderna, construída de dentro cara a fóra e non ao contrario como se viña facendo ata o momento. O grupo escolar de *Vivero y su Comarca* podería ser entón entendido, dentro das posibilidades dos seus mestres de obras e do propio ámbito rural, como unha depuración de base ecléctica e directriz racionalista.²⁹

Materialización do Tipo

1. En Oroul

O Concello de Oroul posúe grupos escolares en catro das súas parroquias, sendo dúas delas, Bravos e San Pantaleón, agraciadas nos sorteos realizados pola sociedade *Vivero y su Comarca* para a adxudicación de edificios escolares. Xerdiz e Merille,

²⁹ Tendo en conta a formulación xeral dos edificios *Vivero y su Comarca*, porque, obviamente, materiais e sistemas construtivos responden aínda á órbita da arquitectura tradicional.



A Viga, Bravos

verán consolidados os seus respectivos planteis educativos mediante o procedemento de emisión de bonos e subscripción de donativos.

As xestións para iniciar as obras dos catro edificios iníciáanse en 1912, aínda que estas se conclúen en distintas datas. En 1915 as escolas de Bravos e Merille están concluídas, mentres que as de Xerdiz e San Pantaleón continúan en construción; pero isto non supoñerá impedimento para que o concello con certa antelación, proceda a solicitar do Ministerio a dotación de mestres nacionais destinados a cada unha delas.³⁰

As primeiras que se instauran como escolas nacionais, en 1916, serán as de Bravos e Merille, despois de serlles concedidos polo Ministerio os seus mestres respectivos (Fermín Ramos e Manuel Ruíz)³¹. Para concluír as obras de Xerdiz e San Pantaleón, solicítanse, logo dunha moción de Justo Taladrid, en 1916, as subvencións precisas ao Estado e á Deputación Provincial. As solicitudes para a creación de ambas as dúas escolas tramítanse en 1918³², pero non será ata 1919, coa axuda das xestións realizadas polo deputado Soto Reguera, cando se creen as escolas nacionais destas dúas parroquias.³³

A excepción do edificio de Bravos, que chegou aos nosos días en estado de ruína, o resto consérvanse nun estado aceptable, a pesar das modificacións que viñeron sufrindo e que lle afectan, sobre todo, á distribución interior, vans de fachada e patio cuberto.

O emprazamento do grupo escolar na Viga (Bravos), queda fixado o 30 de setembro de 1911, na xunta directiva n.º 9 da sociedade.³⁴ O 15 de xaneiro de 1912, o comité de Bravos presenta, segundo o plano e instrucións, o proxecto presupostario para a construción da escola, ascendendo este a 5.006 pesetas.³⁵

Entre os doadores destacados desta obra, aparece Antonio Franco Fernández xunto a Antonio e Perfecto Rodríguez Vázquez³⁶, os que ademais de doar terras e

importantes sumas económicas, dotan de mobles e material diverso ao edificio, destacando as estufas de calefacción.³⁷

A pesar de que este grupo escolar se encontra en ruínas, a existencia da documentación do comité de Bravos³⁸, presidido por Gervasio Montesinos, permitiu recabar información moi precisa acerca da súa construción. Neste documento de 1913, ademais de detallarse o aspecto formal do edificio, reflíctense datos referentes á adxudicación de obras, prazos de entrega, pagamentos ao mestre de obras, etc.

Tendo en conta os datos desprendidos da documentación do comité de Bravos, da moción presentada en Viveiro en, 1916, por Justo Taladrid, así como da lectura dos fragmentos de muro que se manteñen en pé, é posible deducir que se trata dun edificio do tipo 7 do Ministerio de Instrución Pública.

Constatouse que no ano 1933, as escolas da Viga, xa se encontraban “en malísimas condiciones de higiene y seguridad”, mostrando a corporación municipal gran perplexidade ante este feito, pois existía un Padroado, fundado por Antonio Franco cun capital de 5.000 pesetas, destinado ás reparacións do edificio; non obstante, dende o ano 1930 non constaba que se tivese realizado ningún tipo de obra de mantemento.³⁹ Un ano máis tarde, os mestres Antonio Ferreiro e Josefina Gardeiro, presentan as súas queixas no concello polo mal estado no que se encontran as instalacións que utilizan como escola e vivenda. A corporación decide poñerse en contacto cun dos seus benfeitores residente en Cuba, Antonio Rodríguez, a quen lle expón a situación para que este proceda a realizar as reparacións oportunas.⁴⁰

A edificación do grupo escolar do Agro (Merille), adiantase respecto ao procedemento regulamentario dos sorteos, adheríndose ao sistema de emisión de bonos en febreiro de 1912.⁴¹

Nunha carta do presidente do comité parroquial, Pascual Ramos, ao presidente da sociedade na Habana, Justo Taladrid, con data de 26 de Abril 1912, remítese o presuposto detallado para a construción da escola da parroquia. Este ascendía, introducindo algunhas reformas sobre o plano para axustar custos, a 5.345 pesetas.⁴² Outra carta,

³⁰ Actas Municipais de Ourol, 8 de xuño de 1915, *Escuelas*

³¹ Actas Municipais de Ourol, 18 de xaneiro de 1916, *Escuelas* y 30 de mayo de 1916, *Maestros*

³² Actas Municipais de Ourol, 23 de xullo de 1918, *Escuelas* e 24 de Setembro de 1918, *Escuelas*

³³ Actas Municipais de Ourol, 28 de xaneiro de 1919, *Escuelas*

³⁴ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912

³⁵ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, xuño de 1912

³⁶ *Vivero en Cuba*, n.º 53, A Habana, xaneiro de 1931 e *Vivero en Cuba*, n.º 57, A Habana, abril de 1932

³⁷ Actas Municipais de Ourol, 28 de xaneiro de 1919. *Escuelas*

³⁸ *Comité representativo y consultivo de la parroquia de Santiago de Bravos* (1913). Arquivo particular

³⁹ Actas Municipais de Ourol, 28 de xuño de 1933. Amaño de locais escolas

⁴⁰ Actas Municipais de Ourol, 17 de febreiro de 1934, Casa habitación do mestre da Viga, casa habitación da mestra da Viga e Actas Municipais de Ourol, 7 de abril de 1934. Casas escolas de Bravos

⁴¹ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, febreiro de 1912

⁴² *Vivero en Cuba*, n.º 6 - 7, A Habana, abril - maio de 1912. Entre estas modificacións cítase textualmente: “el frontis por ejemplo es suficiente de 20 metros o algo menos, la altura lleva la misma que marca el plano, el fondo también lleva lo mismo, se suprimen dos luces en el frente y dos en la trasera, pues con arreglo a nuestro clima son suficientes las restantes; y además teniendo en cuenta que solamente se pueden considerar las dos terceras partes de la parroquia las que se utilizarán de la escuela porque la otra tercera parte pertenece a Vilares (Burgo) además de ser la parroquia sumamente pequeña. Recibimos los planos como ya queda demostrado por el señor Penabad de Bravos”. Non obstante, finalmente, respéitanse todas as luces que contempla o proxecto orixinal.



O Agro, Merille

datada en maio de 1912 e subscrita por Andrés Prieto Pernas, infórmanos do comezo inmediato das obras da escola, que se edificará nun terreo cedido por Pascual Ramos.⁴³

En xuño de 1912 o capital recadado para afrontar os gastos da escola de Merille, ascende 897,50 pesos.⁴⁴ No verán deste mesmo ano o señor Riguera Montero entrega ao comité 50 pesos para auxilio da obra, co cal a recadación total ascende a 1.248 pesos, se lle sumamos a subscrita na parroquia (288,50) e na illa de Cuba (909,50).⁴⁵

Máis tarde, o mesmo doador, José María Riguera, entrega outros 50 pesos para investir na obra do Agro.⁴⁶

Como peculiaridade, dende o punto de vista arquitectónico, debemos destacar que este grupo escolar non desenvolve o volume que alberga os servizos hixiénicos.

Deste modo, observamos que este corpo non sobresaie respecto ao pavillón principal, limitando a súa extensión transversal e comprimíndose baixo a vertente posterior da cuberta do edificio.

As reformas ás que se viu sometido afectaron tanto ao seu aspecto exterior, no que se modificaron os vans, como ao interior, no que se tirou o muro de división entre as dúas aulas para instalar unha sala única e se perdeu un dos vestidores ao ter sido transformado en escenario.

No concernente ao grupo escolar da Borra (San Pantaleón), a comezos do ano 1912, o presidente do comité desta parroquia, Inocencio Franco, “realiza activas gestiones que pronto comunicará a esa sociedade ofreciendo el concurso de ese vecindario para dar cuanto antes impulso a la construcción de una casa escuela; pues enterado de la emisión de bonos que esa institución proyecta, no duda que los hijos de esta parroquia han de cubrir buena parte y estos vecinos han de ayudar eficazmente.”⁴⁷

⁴³ *Vivero en Cuba*, n.º 6 - 7, A Habana, abril-maio de 1912. Continúa a carta indicando que en pouco tempo contará Merille con dous edificios dedicados á instrución primaria, un situado en Ratoeira e outro no burgo de Vilares, extremo norte da parroquia. Este último debido ao fillo de dito burgo, don Francisco Albo residente en Madrid.

⁴⁴ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912

⁴⁵ *Pro Galicia*, n.º 2, A Habana, setembro de 1912

⁴⁶ *Pro Galicia*, n.º 3, A Habana, s.d.

⁴⁷ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, febreiro de 1912



O Agro, Merille

O comité da parroquia constitúese tras unha reunión celebrada o 31 de Marzo de 1912 na casa reitoral, nomeándose presidente Inocencio Franco Fernández, vicepresidente José Rodríguez Parapar e secretario José Antonio Pernas Peón. Este colectivo detalla os aspectos da construción da escola con que foi agraciada esta parroquia, designando un lugar axeitado para edificala. Tras abrir unha subscrición de doazóns en febreiro de 1912⁴⁸ nuns dous meses logran reunir 694 pesetas procedentes dos donativos da parroquia⁴⁹, mentres que en Cuba se recadou outra boa suma para destinar na compra de material escolar.⁵⁰

A principios de Marzo de 1913 ten lugar o acto de colocación da primeira pedra do grupo escolar, debendo ser rematada segundo o prego de condicións, o 31 de xullo (aínda que como veremos, estes prazos non se cumpriran)⁵¹. A escola sitúase a escasos metros da canteira da pedra con que se edifica, que é doada polo seu propietario, Luís Franco. O 12 de abril de 1913, *La Patria Gallega*,⁵² infórmanos dun feito anecdótico, pois os obreiros detectan que alguén removeu a terra para levar as moedas alí depositadas no acto de colocación da primeira pedra. A revista *Labor gallega*,⁵³ a finais do ano 1913, publica unhas fotografías nas que se pode apreciar o estado no que se atopaban as obras desta escola, tendo xa gran parte dos seus muros erguidos.

Con todo, a pesar de conseguir todos estes donativos e iniciar a edificación en data temperá, as obras parálanse por falta de recursos e en 1916 pídese axuda para liquidar esta situación.

Unha vez renovados os traballos de construción, en 1918, a situación vólvese a complicar no momento de cursar os trámites para instalar a escola nacional. Os expedientes de solicitude sonlle devoltos ao concello por estar incompletos, requiríndose

⁴⁸ *Pro Galicia*, n.º 1, A Habana, agosto de 1912

⁴⁹ *Vivero en Cuba*, n.º 6 - 7, A Habana, Abril - Mayo de 1912. Nesta publicación aparece unha relación das persoas que aportan algún tipo de donativo para a obra de San Pantaleón.

⁵⁰ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912

⁵¹ *Pro Galicia*, n.º 4, A Habana, s.d.

⁵² *La Patria Gallega* n.º 58, A Habana, 12 de abril de 1913

⁵³ *Labor Gallega*, A Habana, decembro de 1913



Souto Chao, Xerdiz

unha nova tramitación.⁵⁴ Finalmente, aínda que o edificio está pensado para albergar dúas escolas unitarias, instálase nel unha escola mixta servida por mestre.⁵⁵

O grupo escolar de San Pantaleón foi obxecto de múltiples reformas. Xa nos anos 30, a sociedade aboa 1.615 pesetas en concepto das súas reparacións e autoriza ao delegado, Justo Taladríd, para que lle encargue os proxectos, que sexa oportuno acometer no edificio, ao arquitecto adscrito a Instrución Pública, Ramiro Saiz⁵⁶ (a quen tamén se lle encargarán os proxectos de reparación das escolas de Bravos e Magazos). Actualmente mantén a composición orixinal da fachada principal, pero perdeu a súa fachada posterior, que se mostra privada dos seus patios e ocios orixinais. Resulta curiosa a solución da súa cuberta que se resolve a dúas augas cara a un costado e a tres cara ao outro. Neste momento atópase en fase de rehabilitación.

O grupo escolar de Souto Chao (Xerdiz), do mesmo xeito que o erixido no Agro (Merille), acóllese ao sistema de emisión de bonos en Febreiro de 1912⁵⁷, constando na primavera deste mesmo ano, unha recadación de 1.430 pesos⁵⁸. Tamén as obras de edificación e as xestións burocráticas para a creación da escola nacional, transcorrerán de xeito case paralelo respecto das que acontecen na parroquia merillense.

A comisión nomeada inicialmente para desenvolver o proxecto educativo na parroquia de Xerdiz, estivo formada polos señores: Paulino Vázquez, Fernando Santos, Jesús Peón Bahamonde e Manuel López.⁵⁹

Ao realizar a inspección dos terreos doados para establecer a futura escola, compróbase que estes, situados un cerca do río e outro da igrexa, non cumpren as expectativas e non satisfán ao delegado Justo Taladríd. É por iso que se convoca unha reunión na casa reitoral con obxecto de elixir un emprazamento adecuado para o edificio, designándose, tras unha permuta entre María Bahamonde e Juan

⁵⁴ Arquivo Municipal de Ourol, Correspondencia, Carta de Inspección de 1.ª Ensinanza, 7 de outubro de 1918 e Carta de Justo Taladríd para Eugenio Quintana, 11 de outubro de 1918.

⁵⁵ Actas Municipais de Ourol, 28 de xaneiro de 1919, Escolas

⁵⁶ *Vivero en Cuba*, n.º 58, A Habana, xullo de 1933

⁵⁷ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, febreiro de 1912

⁵⁸ *Vivero en Cuba*, n.º 6-7, A Habana, abril - maio de 1912

⁵⁹ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, febreiro de 1912

Ramón Vizoso, un terreo situado en Souto Chao.⁶⁰ A partir do mes de outubro, cando sae a poxa pública a obra, esta transcorre sen grandes incidencias, pero tropezará cunha serie de limitacións orzamentarias que, finalmente, liquidaranse coa axuda das subvencións. A operación se desenlaza en 1919, cando se aproba a concesión das dúas escolas unitarias, unha de nenos e outra de nenas, de Xerdiz.⁶¹ Non foi posible cotexar quen foron os mestres asignados para inaugurar estas aulas, pero se constatou que os mestres destinados no ano 1924, foron Daniel Vázquez e Carmen Rodríguez.⁶²

A nivel arquitectónico, este edificio presenta unha solución moi semellante á que vimos en Merille, ao carecer do corpo desenvolvido para albergar os servizos. A diferenza do resto dos grupos escolares, este posúe unha cuberta a catro augas.

O seu esquema orixinal móstrase bastante alterado debido ás reformas que veu sufrindo ao longo do tempo, consistentes algunhas das últimas, na demolición do muro que dividía o espazo das dúas aulas ou a transformación dos patios cubertos nunha galería pechada.

2. En Viveiro

Na capital do distrito, a pesar de existir unha necesidade imperiosa dun edificio escolar, a sociedade *Vivero y su Comarca* non chega a erixir ningún, aínda que é verdade que esta intentou por todos os medios a súa creación.⁶³ Constrúense pois, os dous grupos escolares deste municipio nas parroquias de Magazos e Valcarría.

Os trámites de construción de ambos os dous edificios iníciase paralelamente, aínda que as circunstancias farán que a inauguración da escola de Valcarría, se atrase bastante respecto á de Magazos. Os soares sobre os que se asentaban estas edificacións estiveron no seu



A Ruanova, Magazos.

⁶⁰ Pro Galicia, n.º 3, A Habana, s.d.

⁶¹ Actas Municipais de Ourol, 28 de xaneiro de 1919, Escolas

⁶² Arquivo Municipal de Ourol, Correspondencia, Sección Administrativa de 1.ª Ensinanza, 16 de agosto de 1924

⁶³ Nas Actas Municipais de Viveiro, con data de 11 de febreiro de 1921, consta que se recibiu carta da Habana referente aos medios que puideran poñerse en práctica para construír o grupo escolar do pobo.

día delimitados mediante un valo de peche que podemos apreciar nas fotografías. Constatouse que estas escolas se encontran bastante deterioradas ao chegar aos anos 30, tomando a decisión a directiva de *Vivero y su Comarca*, de indicarlle ao delegado, señor Taladrid, a conveniencia de dirixirse aos mestres e veciños de Magazos e Valcarría (tamén se menciona a escola mixta de Boimente), para que soliciten do Concello de Viveiro a reparación dos edificios escolares.⁶⁴ Actualmente, os grupos escolares do municipio vivariense encóntranse nun estado de conservación aceptable e son utilizados como centros sociais.

O grupo escolar de A Ruanova (Magazos) é, sen dúbida, o máis pretencioso de todos cantos nos quedan en pé, rematándose o seu frontis mediante unha cornixa moldurada e un corpo rectangular que sobrevoa o nivel desta servindo para situar a súa lenda titular.

A principios do ano 1914 tivo lugar o acto de colocación da primeira pedra do edificio⁶⁵, actuando como padriños os irmáns Justo e Dolores Taladrid Catá. Probablemente as obras estivesen a piques de rematar a finais do mesmo ano, como reza a súa inscrición, non obstante non será ata xuño de 1915 cando Justo Taladrid, en representación da sociedade, a poña a disposición do Estado, instando á corporación municipal a realizar os trámites oportunos para solicitar a creación de dúas escolas unitarias, capaces para corenta e dous alumnos cada unha, a instalar no devandito local⁶⁶. En maio de 1916 a escola xa figura establecida e con mestres asignados polo Estado. Ata esta data investira a sociedade 17.000 pesetas no edificio e 6.000 na dotación do seu material, máis nun intento de mellorar e completar as instalacións, decide solicitar unha subvención de 15.000 pesetas.

Magazos, ao non ser agraciada nos sorteos de asignación de escolas por parroquias, consolidará o seu edificio escolar, mediante os sistemas de bonos e de doazóns. No balance de caixa de Outubro de 1912⁶⁷, rexístranse como entrada dous títulos de bonos de Magazos e no mesmo ano, se inicia en Cuba a subscrición de donativos, achegando nun primeiro momento, 1.000 pesos Justo Taladrid, 300 Ramón López Vázquez, 100 Antonio Pernas Corral, 40 Bernardo González Otero, 5 Manuel Galdo e outros 5 Manuel L. Rodríguez.⁶⁸

O grupo escolar de A Corredoira (Valcarría), inicia a súa andaina unha vez realizado o primeiro sorteo da sociedade no que esta parroquia sac agraciada. Na xunta directiva nº 9, do 30 de Setembro de 1911, determínase a súa situación en *Cristo da Corredoira*.⁶⁹ En 1916 a obra paráízase por falta de recursos⁷⁰, despois de investirse ata a data 8.771 pesetas e faltando para rematala, segundo o mestre de obras, 12.093 pesetas; ao



A Corredoira, Valcarría

que habería que engadirlle o custo de mobiliario e material escolar que se elevaría a unhas 5.000 pesetas aproximadamente. Para poñer solución a esta situación, solicítanse subvencións ao Ministerio de Instrución Pública (10.000 pesetas) e á Deputación Provincial de Lugo (3.000 pesetas).

No ano 1919, o párroco de Valcarría e representante do comité local de *Vivero y su Comarca*, Juan Reigosa, solicita que se instale unha escola nacional mixta servida por mestre no edificio que a sociedade levantou na parroquia.⁷¹ Desta documentación despréndese o feito de que o edificio de Valcarría, a pesar de estar concibido como un grupo escolar para albergar dúas escolas, finalmente se habilita como unha única escola mixta, aproveitando o espazo sobrance da docencia para adaptalo como casa cuarto do mestre. Neste sentido debemos destacar que se toma esta determinación, tendo en conta a dispersión do distrito escolar co que se corresponde, facendo necesaria a instalación de dúas escolas situadas en dous puntos diferentes deste.

Finalmente, a acta de creación da escola nacional mixta de Valcarría levántase o 18 de febreiro de 1923.⁷² Este edificio presenta, pois, a peculiaridade de conter unha vivenda habilitada expresamente para o mestre, por iso os seus espazos e usos, diferirán respecto aos do resto de grupos escolares. Neste sentido cabe destacar que a cociña se sitúa nun lateral do volume destinado a albergar os servizos, por iso neste corpo se engade unha cheminea e se resgan dúas ventás.

Constatouse que na década dos 50, con motivo de solicitar os datos necesarios para aplicar o Plan de Cultura Nacional (1955)⁷³, o párroco José María Leivas, coñecendo a existencia dunha aula deshabilitada no edificio escolar, indica a conveniencia de dobrar a escola mixta constituíndo dúas unitarias, unha de nenos e outra de nenas.

⁶⁴ *Vivero en Cuba*, n.º 58, A Habana, xullo de 1933

⁶⁵ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9 de xaneiro de 1914

⁶⁶ Libro de Actas Municipais de Viveiro, n.º 77, día 11 de xuño de 1915, Creación de dúas escolas unitarias

⁶⁷ *Pro Galicia*, n.º 3, A Habana, s.d

⁶⁸ *Pro Galicia*, n.º 2, A Habana, setembro de 1912

⁶⁹ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912

⁷⁰ Arquivo Municipal de Viveiro. Certificación de Jesús González Villalba, secretario da Xunta Local de Primeira Ensinanza do Concello de Viveiro, 19 de maio de 1916

⁷¹ Libro de Actas Municipais de Viveiro, n.º 80, 7 de febreiro de 1919, Petición de Creación de Escolas Nacionais

⁷² Libro de Actas Municipais de Viveiro, n.º 82, 23 de febreiro de 1923, Escolas de nova creación

⁷³ Arquivo Municipal de Viveiro. Goberno Civil da Provincia de Lugo, Plan de Cultura Nacional (1955)



O Vilar, Riobarba

3. En Riobarba

Respecto ao grupo escolar do Vilar (Riobarba), o único que se constrúe na xurisdición do Concello do mesmo nome, é preciso mencionar que apenas se conserva documentación relativa á súa construción, debido en parte a inexistencia de arquivo municipal no actual Concello do Vicedo.

Unha das primeiras referencias indirectas sobre este grupo escolar encóntrase na moción que en 1916 promove Justo Taladríd en representación de *Vivero y su Comarca*, co obxecto de solicitar subvencións para rematar os grupos escolares que se encontran en construción.⁷⁴ O resto de información documental concernente a este edificio debemos extraela dos datos que a sociedade publica na prensa da época e, sobre todo, nos seus órganos oficiais *Vivero en Cuba* e *Pro Galicia*. Deste modo, sábese que a parroquia de Riobarba resulta agraciada co número 5 no primeiro sorteo que *Vivero y su Comarca* celebra en abril de 1911, para a construción de escolas e que o presidente do comité da parroquia é o Sr. Rodríguez Carballés.⁷⁵ Así mesmo designase o lugar para edificar a escola nos terreos doados por Jesús López García en Chousa do Cano.⁷⁶ En 1930, Luis Bello achéganos o dato relativo ao custo da edificación escolar⁷⁷, que ascendeu a 31.621,75 pesetas. En canto á cronoloxía desta escola, todo parece apuntar a que esta se conclúe en 1921, tal e como indica a súa inscrición da fachada.

Non obstante, a pesar de non contar con demasiada documentación sobre este grupo escolar, é moi importante que chegase ata unha data relativamente recente en estado de semirruína, permitindo esta circunstancia a extracción de datos moi significativos referentes aos materiais e acabados da obra orixinal.⁷⁸ Desta forma, obser-

⁷⁴ Arquivo Municipal de Viveiro, Moción presentada á Corporación Municipal pola Delegación da Sociedade Vivero y su Comarca. Viveiro, maio de 1916

⁷⁵ *Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, febreiro de 1912

⁷⁶ *Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912

⁷⁷ *Vivero en Cuba*, n.º 52, A Habana, outubro de 1930

⁷⁸ O traballo de campo que se levou a cabo co obxectivo de recoller documentación fotográfica das escolas conservadas de *Vivero y su Comarca*, comenza no ano 2003. Desde entón ata hoxe realizáronse traballos de rehabilitación en varios dos edificios, entre eles o de Riobarba.

vando por exemplo as carpintarías, non resulta difícil albiscar o protagonismo que, nestes edificios, puido ter a cor.

Na actualidade o edificio encóntrase en fase de rehabilitación para ser utilizado como centro social da parroquia.

Colofón

A razón fundamental de priorizar a función respecto á forma debe entenderse no sentido da propia economía de medios, mais sería preciso, para poder aseverar ante que tipo de arquitectura nos atopamos, estudar máis exhaustivamente esa vontade renovadora ou propósito de modernidade que se esconde tralas edificacións.

Entrementres e sexa como for, non cabe dúbida de que os grupos escolares de *Vivero y su Comarca*, ofrecen unha visión intermedia que lle infunde ao estilo ecléctico un acento progresista ou, se se prefire, rexeneracionista que, dun modo involuntario, está a anticipar determinadas solucións racionais.

Bibliografía

Monografías:

- ALTAMIRA Y CREVEA, R., *Mi viaje a América*. Ed. Universidade de Oviedo, 2007 (1911)
- ANATOL SEOANE, B.y ARDÁ SUÁREZ, A. C. (dir.), *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos: Ares, Cabanas, Fene e Mugardos*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Ferrol, 2000.
- BELLO TROMPETA, L., *Viaje por las escuelas de Galicia*, Akal Editor, Madrid, 1973
- COSTA RICO, A., *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Arquitectura del eclecticismo en Galicia (1875-1914)*. 2 vol. Universidade da Coruña, 1993-1997.
- PEÑA SAAVEDRA, V., *Las Escuelas de Americanos y las Sociedades de Instrucción en Galicia: Tesis doctoral*. Universidad de Santiago de Compostela, 1991 / *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, 2 vols., Santiago de Compostela, 1991.
- TALADRID CATÁ, J., *Progreso del Distrito de Vivero en los años 1910 al 1930. Viveiro, 1931. / Verdades como puños y consideraciones. Mis servicios al distrito de Vivero*. Litografía e Imprenta Roel, (2.ª Ed.), A Coruña, 1935.

Publicacións periódicas:

- BARTOLOMÉ COSSÍO, M., “Notas sobre construción escolar”, en *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, Madrid, 1911, Tomo XXXV, pp. 257-265.

- BELLO TROMPETA, L., “Visita de Escuelas. Vivero y su Comarca o Vivero con los americanos”, en *Vivero en Cuba*, n.º 52, A Habana, outubro de 1930, s. p.
- CASTRILLO SAGREDO, B., “La sociedad de instrucción y beneficencia *Vivero y su Comarca*, da Habana”, en *ABC*, Madrid, 8 de setembro de 1929, pp. 13-14.
- COSTA RICO, A., “Deseño e arquitectura escolar”, en *Obradoiro, Revista da Comisión de Cultura* do C.O.A.G., n.º 4-5. Santiago de Compostela, 1979, pp. 3-19.
- ESCOLANO BENITO, A., “La arquitectura como programa: espacio-escuela y currículum”, en *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, n.º 12-13, Universidade de Salamanca, 1993-1994, pp. 97-120.
- FERNÁNDEZ ALBA, A., “La expresión arquitectónica en los edificios escolares”, en *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, n.º 16, Universidad de Salamanca, 1997, pp. 515-518.
- FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ-NAVAMUEL, M., “Condiciones Generales de los centros escolares y edificios destinados a Escuelas”, en *La Construcción Moderna*, n.º 23, T. V, 15-12 1907, pp. 381-387 / n.º 24, T. V, 30-12 1907, pp. 397-406 / n.º 1, T. VI, 15-01 1908, pp. 4-10.
- LAHOZ ABAD, P., “Higiene y arquitectura escolar en la España contemporánea (1836-1936)”, en *Revista de Educación*, n.º 298, Ministerio de Educación, Madrid, 1992, pp. 89-118.
- LÓPEZ MARTÍN, R., “La Construcción y creación de escuelas en la España del primer tercio del siglo XX”, en *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, n.º 16, Universidade de Salamanca, 1997, pp. 65-90.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M., “As Escolas da emigración”, en *Eduga. Revista Galega do Ensino*, n.º 52, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2008, pp.50-54.
- ORTUETA HILBERATH, E. de, “Los modelos de escuelas destinados a los centros de educación primaria pública avalados por el Negociado de Arquitectura Escolar del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas”, en *Norba - Arte*, n.º 17, Universidade de Estremadura, 1997, pp. 165-192.
- PEÑA SAAVEDRA, V., “Tres aspectos del proyecto escolar de los emigrantes gallegos: instalaciones, equipamiento y personal docente”, en *Bordón. Revista de Pedagogía*, n.º 253, Sociedade Española de Pedagogía, 1984, pp.405-420. / “As Sociedades galegas de instrución: proxecto educativo e realización escolares”, en *Estudios Migratorios*, n.º 1, Santiago de Compostela, 1995, pp. 8-83.
- PERNAS PEÓN, J.: “Los edificios escolares”, en *Pro Galicia*, n.º 3, A Habana, s. d., p. 14-15.
- SÁNCHEZ GARCÍA, J. A., “La arquitectura contemporánea y sus opciones en la antigua provincia de Mondoñedo”, en *Estudios Mindonienses*, Centro de Estudos da Diocese Mondoñedo Ferrol, n.º15, 1999, pp. 555-617.
- VIÑAO FRAGO, A., “Construcciones y edificios escolares durante el Sexenio Democrático”, en *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, n.º 12-13, Universidade de Salamanca, 1993-1994, pp. 493-534. / “El espacio escolar en su perspectiva histórica”, en *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, n.º 12-13, Universidade de Salamanca, 1993-1994, pp. 573-594. / “Escolarización. Edificios y espacios escolares”, en *Participación educativa*, n.º 7, Consello Escolar do Estado, 2008, pp. 16-27.
- VISEDO GODINES, J. M., “Espacio escolar y reforma de la enseñanza”, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, Asociación Universitaria de Formación del Profesorado, n.º 11, 1991, pp. 125-135.
- Vivero en Cuba*, n.º 4, A Habana, xuño de 1912
- Vivero en Cuba*, n.º 6-7, A Habana, abril- maio de 1912
- Vivero en Cuba*, n.º 8, A Habana, xuño de 1912
- Vivero en Cuba*, n.º 52, A Habana, outubro de 1930
- Vivero en Cuba*, n.º 53, A Habana, xaneiro de 1931
- Vivero en Cuba*, n.º 57, A Habana, abril de 1932
- Vivero en Cuba*, n.º 58, A Habana, xullo de 1933
- Pro Galicia*, n.º 1, A Habana, agosto de 1912
- Pro Galicia*, n.º 2, A Habana, setembro de 1912
- Pro Galicia*, n.º 3, A Habana, s.d
- Pro Galicia*, n.º 4, A Habana, s.d
- La Patria Gallega* n.º 58, A Habana, 12 de abril de 1913
- Labor Gallega*, A Habana, decembro de 1913
- La Voz de Galicia*, A Coruña, 9 de xaneiro de 1914

Normativa:

- Instrucción Técnico-Hixiénica. Relativo á construción de Escolas*. Biblioteca Labor Gallega. A Habana, 1915.
- Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, *Circular de la Dirección General de Primeira Ensinanza*, Madrid, 14 de xuño de 1911. / *Colección de planos para a construción de edificios escolares*. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Cartografía e Artes Gráficas, Madrid, 1908. / *Subvencións para a construción de edificios escolares*. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Madrid, 1905. / *Arquitectura escolar*. Instrucións. Dirección Xeral de Primeira Ensinanza. Imprenta do Colexio Nacional de Xordomudos e cegos, Madrid, 1912.
- Reglamento de la Sociedad de Vivero y su Comarca*, A Habana, 1912-1915-1922-1932.